

# **LATÍN**

## **Programación didáctica**

**2021/2022**

**C.P.I. PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO  
(Boqueixón)**

**Profesora:** Eva González Rodríguez (Departamento de Francés)

<b>ÍNDICE</b>		<b>PÁX.</b>
<b>1)</b>	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
	➤ O CENTRO E O ALUMNADO.....	4
	➤ ADXUDICACIÓN DA MATERIA AO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.....	5
<b>2)</b>	CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	5
<b>3)</b>	OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA	6
<b>4)</b>	PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: 4º de E.S.O. - Obxectivos - Contidos - Actividades de aprendizaxe - Temporalización - Criterios de avaliación - Estándares de aprendizaxe - Grao mínimo de consecución para superar a materia - Procedementos e instrumentos de avaliación - Competencias clave	9
<b>5)</b>	METODOLOXÍA 5.1) Metodoloxía de traballo no caso de ensino presencial 5.2) Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia	19
<b>6)</b>	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	21
<b>7)</b>	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	21
<b>8)</b>	PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL	22
<b>9)</b>	CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	22
<b>10)</b>	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE	25
<b>11)</b>	PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR	25
<b>12)</b>	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	26
<b>13)</b>	ELEMENTOS TRANSVERSAIS	27
<b>14)</b>	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR	30
<b>15)</b>	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC	30
<b>16)</b>	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	31
<b>17)</b>	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	31
<b>18)</b>	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	33
<b>19)</b>	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	37
<b>20)</b>	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	37

## **1) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O marco normativo que recolle o desenvolvemento da presente Programación Didáctica é a Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

No contexto escolar, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Unha lingua clásica como é o latín, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas, desempeña un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas materias que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por iso podemos considerar como esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas. O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

## **O CENTRO E O ALUMNADO**

O C.P.I. Plurilingüe Antonio Orza Couto é un centro de titularidade pública financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no que se imparte docencia a alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria e **Educación Secundaria Obrigatoria**. Nesta última etapa o número total de alumnos/-as durante o presente ano académico é de **104**, repartidos/-as nos seguintes grupos:

- 1º E.S.O.-A: 23 alumnos/-as
- 2º E.S.O.-A: 15 alumnos/-as
- 2º E.S.O.-B: 16 alumnos/-as
- 3º E.S.O.-A: 26 alumnos/-as
- 4º E.S.O.-A: 24 alumnos/-as

O centro está situado nun entorno rural, a 15 quilómetros da cidade de Santiago de Compostela. Practicamente a totalidade do alumnado depende do transporte escolar para o seu traslado ao mesmo.

Durante este ano académico cursarán a materia de Latín **cinco** alumnas de **4º de ESO**.

## ADXUDICACIÓN DA MATERIA AO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Dado que no C.P.I. Plurilingüe Antonio Orza Couto non existe Departamento de Latín, a materia foi adxudicada este ano académico ao Departamento de Francés, xa que a única profesora pertencente ao mesmo debe completar o seu horario impartindo outras materias (Latín en 4º de E.S.O. e Valores Éticos en 3º e 4º de E.S.O.) e exercendo a función de coordinadora do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Profesora: Eva González Rodríguez.

O horario lectivo semanal é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00-9.50	2ºB-FR		1º-FR	4º-FR	GARDA
9.50-10.40	3º-FR		2ºA-FR	4º-LATÍN	1º-FR
(R) 10.40-10.55					
10.55-11.45	GARDA	4º-LATÍN	4º-FR	2ºA-FR	Coord. Equipo Activ. Extraesc.
11.45-12.35	Coord. Equipo Activ. Extraesc.	3º-VAL.ÉT.			4º-LATÍN
(R) 12.35-12.50	<i>Garda de Biblioteca</i>	<i>Garda de Biblioteca</i>			<i>Garda de Biblioteca</i>
12.50-13.40	4º-VAL.ÉT.	GARDA			Atención ás familias
13.40-14.30	4º-FR	2ºB-FR			3º-FR
14.30-15.45					
15.45-16.35					
16.35-17.25					

## 2) CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### COMPETENCIAS CLAVE:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A **competencia lingüística (CCL)** é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de **aprender a aprender (CAA)**.

A **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)** poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

A **competencia dixital (CD)** deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirmos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

As **competencias sociais e cívicas (CSC)** poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A **competencia en conciencia e expresión cultural (CCEC)** está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A **competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE)** estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

### **3) OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA**

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.



#### **4) PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: LATÍN, 4º E.S.O.**

É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de bacharelato un estudo máis pormenorizado.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organízase en **sete bloques** referidos tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

O primeiro destes bloques estuda o latín como orixe das linguas romances. Os contidos de 4º de ESO comezan coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, a evolución e as etapas do latín e as linguas romances. A continuación, preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica.

O seguinte bloque aborda os elementos básicos da lingua latina, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e a evolución do abecedario latino e a súa pronuncia.

Os dous bloques seguintes tratan aspectos netamente lingüísticos, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe, os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema, ademais da fonética e a semántica, dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co propósito fundamental da comprensión e a interpretación dos textos.

Tamén hai un bloque adicado ao estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política, social e militar, e da súa identidade cultural, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía, cuxa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana, entre as que destacan por unha banda as relativas ás artes plásticas e, máis concretamente, a escultura e a arquitectura, e pola outra, as literarias.

A lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización latina, e non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos neste curso. Preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para lograr este obxectivo, ademais do labor de tradución, deberase tratar o latín como unha lingua viva coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.

Por último, inclúese un bloque adicado ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda o alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir o de outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Así, dedícase un especial interese á composición e á derivación culta, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe latina. Abondando nesta última idea, abórdase o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas nun contexto adecuado.

## Bloque 1: O latín, orixe das linguas romances

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
f ñ o	B1.1. Marco xeográfico da lingua.	- Actividades relacionadas con debuxar e colorear mapas.  - Exercicios de clasificación de linguas.	1º trimestre	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	Sinala sobre un mapa puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
e ñ o	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.			B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.	LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
l ñ o	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.			B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
l ñ o	B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.			B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.	LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
f ñ o	B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	- Actividades de identificación de palabras.	1º trimestre	B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
b ñ o	B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	- Actividades nas que se explique a evolución das palabras.	Todo o ano académico.	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

## Bloque 2: Sistema da lingua latina: elementos básicos

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
e	B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	-Representación de diferentes tipos de escritura.	1º trimestre	B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.	Recoñece e nomea diferentes tipos de escritura.	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
e	B2.2. Orixes do alfabeto latino.	- Búsqueda en internet.	1º trimestre	B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
h	B2.3. Pronuncia do latín.	- Lectura de textos.  - Diálogos por parellas.	Todo o ano académico.	B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	Completo	- Observación na aula	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

## Bloque 3: Morfoloxía

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
b	B3.1. Formantes das palabras.	-Ejercicios de descomposición de palabras.	Todo o ano académico.	B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.	LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
e	B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	- Actividades de clasificación de palabras.	1º trimestre	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios	Completo	- Proba escrita - Observación na	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

					para clasificalas.		aula - Caderno	
e b	B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	- Definición de conceptos.	1º e 2º trimestre	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CAA ▪ CCL
e b	B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	- Exercicios de declinación.	1º trimestre	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícalos segundo a súa categoría e a súa declinación.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CD ▪ CCL
					LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CCL ▪ CAA
e b	B3.5. Flexión verbal.	- Actividades de identificación e conxugación de verbos.  - Exercicios de tradución (latín/galego).	2º e 3º trimestre	B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CCL ▪ CAA
					LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CCL ▪ CAA
e b h ñ o	B3.5. Flexión verbal.			B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.	LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CCL ▪ CAA
					LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CCL ▪ CD
					LAB3.6.3. Identifica formas non	Completo	- Proba escrita	▪ CAA

					persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.		- Observación na aula - Caderno	▪ CCL
					LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CCL

### Bloque 4: Sintaxe

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
f	B4.1. Elementos da oración.	- Exercicios de análise sintáctica e morfolóxica.  - Actividades de tradución (latín/galego).	1º trimestre	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CMCCT
h	B4.2. Casos latinos.	- Redación de oracións breves e sinxelas en latín.  - Clasificación de oracións (simples e compostas).	1º trimestre	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.  LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CAA ▪ CCL
e	B4.3. Concordancia.		1º trimestre	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CCL
b	B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.		2º trimestre	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CMCCT ▪ CCA ▪ CCL

e	B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.		2º trimestre	B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
h	B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.		2º e 3º trimestre	B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

### Bloque 5: Roma: historia, cultura e civilización

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
afañ	B5.1. Períodos da historia de Roma.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Búsqueda en Internet.</li> <li>- Lectura de textos.</li> <li>- Visionado de documentais, vídeos e fragmentos de películas.</li> </ul>	1º trimestre	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> </ul>
					LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
					LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan feitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
					LAB5.1.4. Describe algúns dos principais feitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	Completo	- Traballo (individual ou en parella/grupo)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
añ	B5.2. Organización política e social de Roma.		2º trimestre	B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e	LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

			social de Roma.			- Caderno	
				LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	Completo	- Traballo (individual ou en parella/grupo)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
c ñ	B5.3. A familia romana.	3º trimestre	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	Completo	- Traballo (individual ou en parella/grupo)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
l n	B5.4. Mitoloxía e relixión.	2º trimestre	B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	Completo	- Traballo (individual ou en parella/grupo)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
n ñ	B5.4. Mitoloxía e relixión.	2º trimestre	B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
m	B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.	3º trimestre	B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.	LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.	Completo	- Traballo (individual ou en parella/grupo)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
d e ñ	B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.	3º trimestre	B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.	LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	Completo	- Traballo (individual ou en parella/grupo)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>



## Bloque 6: Textos

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
h	B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.	- Exercicios de tradución de textos ou oracións sinxelas.	2º e 3º trimestre	B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
do	B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.		Todo o ano académico.	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
h	B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.		Todo o ano académico.	B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	Completo	- Observación na aula	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
lf	B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	- Lectura de textos.	Todo o ano académico	B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	Completo	- Observación na aula	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
					LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
b	B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	- Redación de oracións sinxelas ou textos moi breves en latín.	2º e 3º trimestre	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

g	B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.		2º e 3º trimestre	B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	Completo	- Observación na aula	▪ CCL
---	---	--	-------------------	---	--	----------	-----------------------	-------

### Bloque 7: Léxico

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
h ñ o	B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	- Exercicios de tradución.	Todo o ano académico.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CAA ▪ CCL
					LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CD ▪ CAA
b ñ o	B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	- Actividades de composición e derivación.	1º e 2º trimestre	B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CMCCT ▪ CCL
l ñ o	B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.			B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.	LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CCL
e b	B7.3. Locucións latinas de uso actual.	- Exercicios de tradución.	Todo o ano académico.	B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	Completo	- Proba escrita - Observación na aula - Caderno	▪ CD ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL

## **5) METODOLOXÍA**

### **5.1) Metodoloxía de traballo no caso de ensino presencial**

Os principios pedagóxicos que se estiman para o desenvolvemento dos procesos de ensino gardan relación cos propios desta etapa educativa da educación básica e cos derivados da adquisición de competencias.

Como norma xeral, o/a profesor/-a será quen guíe no proceso de ensino-aprendizaxe e, para que este proceso sexa efectivo, é necesario tomar como referencia o nivel actual do alumnado, é dicir, os coñecementos previos. O profesorado debe recordalos e actualalos de maneira sistemática, xa que sobre eles se asentarán os novos.

A aprendizaxe levarase a cabo unhas veces por facilitación de contidos de forma ordenada por parte do/da profesor/-a, e outras veces por descubrimento por parte do propio alumnado. É importante ter en conta o grao de motivación, xa que afecta directamente ao rendemento; para incrementalo convén facer explícita a utilidade dos contidos que se están a traballar.

Deste xeito, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Facilitar o acceso de todo o alumnado á educación común, coas medidas necesarias de atención a diversidade.
- Atender ós diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer a capacidade de aprender por sí mesmos e promover o traballo en equipo. A realización de tarefas en grupo ou por parellas facilitará o intercambio de experiencias e a cooperación.
- Procurar a adquisición e o desenvolvemento das competencias básicas, adecuando o seu logro progresivo ás características do alumnado.
- Reforzar o hábito de lectura con textos seleccionados para tal fin.
- Desenvolver a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.
- Incidir na comunicación audiovisual e no uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Valorar e primar o coñecemento aplicado, o saber práctico fronte á aprendizaxe memorística.
- Estimular a búsqueda, selección, análise crítico, tratamento, presentación e aplicación dos coñecementos; de tal xeito que a función docente se vincule a “titorizar” a aprendizaxe, estimular e acompañar.
- Realizar actividades didácticas en clave de “situacións-problema”, nas que se requiren procesos cognitivos variados e a aplicación do que se sabe ou do que se sabe facer á situacións que resultan cercanas, habituais e previsibles.

## **5.2) Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia**

En caso de ter que recorrer ao ensino a distancia, preténdese que a metodoloxía sexa activa e participativa a través da **aula virtual** do centro, onde se publicarán materiais e tarefas de diversa índole.

A periodicidade das publicacións será, por norma xeral, semanal; o prazo para a realización das tarefas terá en conta o grao de dificultade das mesmas, procurando que o alumnado dispoña do tempo suficiente para levalas a cabo.

As tarefas serán supervisadas e corrixidas pola profesora e, nas que o requiran, levarán unha cualificación para que o alumnado poida facerse unha idea dos aspectos a mellorar.

Procurarase que a comunicación entre alumnado e profesorado sexa o máis fluída posible.

O **alumnado con conectividade** poderá seguir as clases de Latín a través da aula virtual, que permite o intercambio de mensaxes a través de comentarios privados ou do correo electrónico asociado. Ademais, o alumnado terá a oportunidade de resolver dúbidas dun xeito máis directo grazas ás sesións por videoconferencia programadas pola profesora.

En caso de que haxa **alumnado sen conectividade** ou que non estea localizable porase en marcha o protocolo establecido: informar ao/á titor/-a para que coordine un plan de recuperación.

Ademais, a profesora da materia porase en contacto coa familia do alumnado afectado a través de diversos medios (correo electrónico, Abalarmóbil ou chamada telefónica) e facilitaralle ao/á alumno/-a o material necesario para que poida seguir as clases, buscando unha alternativa á aula virtual.

As actividades que se levarán a cabo en caso de ter que recorrer ao ensino a distancia estarán baseadas nas aprendizaxes e competencias imprescindibles sinaladas anteriormente nesta Programación Didáctica:

- Actividades de comprensión escrita: resumo e/ou cuestionarios sobre textos de diversa índole.
- Actividades de expresión escrita: traducións, respostas a cuestionarios, creación de textos breves seguindo unhas pautas establecidas.
- Actividades de comprensión oral: cuestionarios baseados nun vídeo ou arquivo de audio.
- Exercicios de vocabulario.
- Exercicios de gramática.
- Traballos de investigación.

## 6) PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Todo o proceso de aprendizaxe forma parte da avaliación e inclúe o traballo diario, a actitude, o rendemento na aula, os traballos realizados na casa, os cadernos persoais, así como as probas escritas que se fan ao longo do curso, todo baixo unha **observación sistemática e continuada** levada a cabo polo profesorado.

A avaliación debe axudarlles aos alumnos/-as a coñecer os seus logros, as súas dificultades e os seus progresos para poder mellorar e avanzar na súa formación. Trátase, en consecuencia, de desenvolver actitudes de responsabilidade no alumnado, de forma que sexan cada vez máis autónomos na súa aprendizaxe e de axudarlle ao profesor á hora de medir os resultados para correxir o que non resulte adecuado, proporcionándolle datos sobre a súa estratexia docente e poder cambiar o rumbo do seu traballo se é necesario.

A función formativa da avaliación mide o progreso realizado por cada alumno/-a dende o seu nivel inicial. É tamén unha fonte de información moi importante para o profesor xa que poderá axustar en cada momento a súa ensinanza ás necesidades formuladas polos/-as alumnos/-as; todo isto é fundamental para unha axeitada atención á diversidade.

Finalmente, a función sumativa da avaliación avalía a competencia comunicativa do/da alumno/-a con respecto aos obxectivos establecidos, o que se traduce en cualificacións.

## 7) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación dos que se botará man ao longo do curso son os seguintes:

- Observación sistemática do traballo levado a cabo en clase e que se verá reflectido no caderno persoal do/da alumno/-a.
- Valoración da participación de cada alumno/-a na aula.
- Corrección de probas escritas obxectivas, realizadas despois de cada unidade didáctica, tomando como base o libro do alumnado.
- Corrección de traballos realizados de xeito individual ou en parella/grupo.
- Valoración e corrección de actividades cotiás que o/a profesor/-a terá en conta á hora de recompilar todos os datos necesarios para establecer o seu progreso real, tanto as realizadas no caderno persoal do alumnado, como aquelas que sexan entregadas ao/á profesor/-a para a súa corrección.
- Observación da actitude do/da alumno/-a ante diferentes xogos e actividades de carácter lúdico que lle servirán ao/á profesor/-a para lograr unha maior información sobre o progreso do alumnado.

## 8) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial que se realiza a comezos do ano académico permite adecuar a aprendizaxe ás posibilidades do alumnado, mediante a observación e interpretación de coñecementos, actitudes e capacidades.

O alumnado ten o seu primeiro contacto en profundidade coa lingua latina en 4º curso de **E.S.O.**, polo que o primeiro que se fará será unha sondaxe para averiguar se algún alumno/-a ten coñecementos previos deste idioma.

É importante ter en conta que parte do alumnado (ou todo) puido cursar a materia de Cultura Clásica en 3º de ESO, polo que estes/-as alumnos/-as poden ter algún coñecemento sobre a evolución do latín ás linguas romances, sobre os conceptos de palabra patrimonial, cultismos e semicultismos, sobre a subsistencia de prefixos, sufixos e lexemas de orixe grega e latina nas linguas romances e tamén sobre a historia e a sociedade romana.

Por outra banda, todo o alumnado debeu estudar en 1º de ESO a historia da antiga Roma na materia de Xeografía e Historia, polo que sería necesario comprobar a comezo de curso ata onde chegan os seus coñecementos previos en todos estes aspectos.

O estudo da lingua latina require do dominio duns fundamentos básicos de lingua castelá e/ou galega.

Tendo todos estes aspectos en conta, **realizarase a comezo de curso unha proba escrita** na que se formulen cuestións que permitan ao/á profesor/-a avaliar o nivel de coñecementos do alumnado en morfoloxía e sintaxe galega e/ou castelá e en diversos aspectos da historia e sociedade romana. Esta proba tamén permitirá detectar os diferentes niveis de dominio das competencias do alumnado para darlles unha atención máis diversificada en función das súas necesidades.

O resultado desta proba só se terá en conta a efecto de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos/das alumnos/-as.

## 9) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Superarán a materia en xuño (convocatoria ordinaria) aqueles/-as alumnos/-as que obteñan unha **media aritmética igual ou superior a 5** a partir das cualificacións das tres avaliacións do curso. Deberán presentarse na convocatoria extraordinaria os/as alumnos/-as que obteñan unha cualificación media inferior a 5 na convocatoria ordinaria do mes de xuño.

Con respecto ás cualificacións que aparecerán nos boletíns do alumnado, e tendo en conta que debe ser unha puntuación exacta (xa que non se admiten decimais), farase un redondeo á alza a partir de 0,5.

Exemplo:

Media aritmética da avaliación	Cualificación que aparecerá no boletín
6,75	7
6,50	7
6,40	6
6,25	6

Para promocionar, en calquera caso, todo/-a alumno/-a deberá ter alcanzado o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe aplicables á materia.

Tanto nas clases como nos traballos e probas obxectivas que serven de control dos coñecementos valoraranse non só os seus **contidos** senón tamén a forma de **expresión** (oral ou escrita), a **ortografía**, a **caligrafía** e a **presentación** (no caso de exercicios escritos).

Aqueles/-as alumnos/-as que **non participen** nalgunha **actividade complementaria ou extraescolar** deberán **realizar un traballo** relacionado coa mesma. Será o/a profesor/-a quen se encargue de darlles as indicacións necesarias para elaborar dito traballo.

### **PROBAS ESCRITAS E TRABALLOS (8 puntos)**

As probas escritas de cada avaliación consistirán en exercicios e preguntas sobre breves textos escritos, exercicios de gramática, cultura e civilización, fonética, etimoloxía, conxugación verbal, traducións, redaccións, etc.

A corrección destas probas realizarase por fallos ou erros, tendo en conta a coherencia, expresión e manexo da lingua francesa.

**Cada exercicio concreto cualificarase aplicando o baremo que se estableza e que se dará a coñecer ao alumnado no momento da realización da proba.**

Prestarase especial atención á **ortografía**, á **caligrafía** e á **presentación**; esta última poderá ser penalizada con 0,25 p. menos na nota final da proba en cuestión se non cumpre un mínimo de pulcritude, é dicir, o/a alumno/-a debe presentar ese exercicio cunha **boa caligrafía** e **sen borróns**. As **faltas de ortografía** serán penalizadas **descontando** no global da proba **0,10 por cada falta**.

Se algún/algunha alumno/-a é sorprendido/-a copiando ou facendo trampa no momento da realización da proba, a súa cualificación na mesma pasará a ser automaticamente un 0 (cero).

En caso de que algún/algunha alumno/-a non se presente á realización dunha proba escrita na data sinalada deberá aportar un xustificante para que se lle realice dita proba outro día; de non presentar xustificación algunha considerarase que a súa cualificación nesa proba é un 0 (cero).

Ao longo de cada trimestre o profesorado realizará actividades de diversa índole que poderán influír de xeito positivo, ben na nota media da avaliación, ben na nota dalgunha proba concreta (control / exame). O alumnado será informado antes da realización da/-s actividade/-s.

**Non se recollerán traballos** (exercicios, redaccións, etc.) **fóra de prazo, agás nos casos de ausencias xustificadas.** O feito de non entregar un traballo solicitado polo/-a profesor/-a suporá **0,25 p. menos na nota media da avaliación** da que se trate nese momento.

**Obterase unha nota media de todas as probas escritas e traballos que se realicen ao longo de cada trimestre.**

### **CADERNO (1 punto)**

O caderno persoal do/da alumno/-a será revisado ao final de cada trimestre e permitirá ao profesorado obter información sobre a aprendizaxe, organización de actividades, pulcritude e constancia do alumnado. Terase en conta a boa presentación do mesmo.

A rúbrica que se utilizará para avaliar o caderno é a seguinte:

<b>1 p.</b>	O/A alumno/-a realiza todas as tarefas e a presentación é boa ou moi boa.
<b>0,50 p.</b>	a) O/A alumno/-a realiza todas as tarefas, pero a presentación é mala. b) A presentación é boa (ou moi boa), pero faltan algunhas tarefas.
<b>0 p.</b>	Faltan algunhas ou moitas tarefas e, ademais, a presentación é mala.

### **PARTICIPACIÓN EN CLASE E GRAO DE IMPLICACIÓN (1 punto)**

Para poder ter unhas sesións dinámicas é imprescindible que o alumnado participe nas clases e mostre un grao mínimo de implicación. Estes aspectos serán avaliados mediante a observación na aula atendendo á seguinte rúbrica:

<b>1 p.</b>	O/A alumno/-a intervén con asiduidade de xeito voluntario e mostra un alto grao de implicación cara a materia.
<b>0,50 p.</b>	O/A alumno/-a intervén en contadas ocasións, aínda que sexa de xeito voluntario e mostra unha escasa implicación cara a materia.
<b>0 p.</b>	O/A alumno/-a nunca participa de xeito voluntario ou non mostra ningunha implicación cara a materia.

### **ACTITUDE**

As actitudes negativas na aula ou nas actividades complementarias e extraescolares (mal comportamento, esquecemento do material necesario para o desenvolvemento da sesión, non realización de tarefas encomendadas fóra do horario lectivo, conduta disruptiva...) serán penalizadas con negativos; **cada negativo** suporá **0,25 menos na nota media da avaliación** da que se trate nese momento.



De xeito global, cuantificaranse as porcentaxes que se lle dan ás probas escritas e/ou traballos, ao caderno persoal do/da alumno/-a e á participación tal e como se indica a continuación:

	%	Puntuación (sobre un total de 10)
Probas escritas / Traballos	80,00%	8 puntos
Caderno	10,00%	1 punto
Participación	10,00%	1 punto

A maiores, o alumnado que participe **de xeito voluntario** nalgunha actividade proposta polo profesorado de Latín (concursos, realización de vídeos, representación teatrais, etc.) terá a posibilidade de obter unha puntuación extra que incidirá directamente de xeito positivo na nota media da avaliación que corresponda en cada caso. Antes da realización deste tipo de actividades, o profesorado informará ao alumnado e explicará con detalle a incidencia que poderá ter dita actividade na nota media da avaliación.

## **10) PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

Tendo en conta que a materia de Latín é impartida por primeira vez en 4º de ESO, non hai ningún alumno/-a coa materia pendente de cursos anteriores.

## **11) PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR**

O alumnado que non promocióne e non supere a materia, seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente a dito programa.

O programa de reforzo organizarase para cada estudante tendo en conta as dificultades de aprendizaxe que motivaron a non superación da materia en relación cos mínimos establecidos na programación docente da mesma.

Para a avaliación da materia teranse en conta os progresos que o/a alumno/-a realice nas actividades do programa de reforzo, así como a súa evolución na materia.

Ademais, na medida do posible, este alumnado recibirá unha atención personalizada por parte do profesorado, procurarase adaptar o material didáctico ás súas necesidades así como ampliar ou reducir bloques de contidos segundo a súa capacidade.

E, por suposto, variarase a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno/-a coa finalidade de conseguir unha motivación que permita que supere a materia cunha cualificación positiva.

## **12) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

O profesorado debe perseguir o obxectivo de que todo/-a alumno/-a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos/-as os/as alumnos/-as poidan atopar algún que estea de acordo co seu estilo de aprendizaxe.

En canto á necesidade de atender os diferentes ritmos de aprendizaxe, existe un gran número de actividades destinadas a este fin. Ademais, debemos responder ás diferenzas individuais na aula, mediante diversas actividades de ampliación e reforzo para alumnos/-as que terminan antes o seu traballo.

Os materiais utilizados teñen en conta que alumnos/-as sen unha capacidade grande como aprendices de linguas poden, sen embargo, ser bos noutros campos como a arte ou as matemáticas, ou poden ter algunha afección interesante que o/a profesor/-a pode aproveitar en clase. Isto aumentará a motivación e a autoestima destes/-as alumnos/-as e demostrará a todos/-as o valor que se concede nese ámbito a diversas destrezas ou habilidades.

O enfoque metodolóxico que imos utilizar ten en conta o anteriormente descrito, dando un tratamento globalizado ao traballo por medio de:

- A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
- As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os/as alumnos/-as.
- A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos que fomentan a comunicación para que poidan ser traballados polos alumnos con diferentes niveis.
- O fomento da participación e a colaboración entre os alumnos con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. O/A profesor/-a axudará a que os/as alumnos/-as sexan conscientes diso.

### **Adaptacións curriculares**

Ningunha das alumnas que cursan Latín durante este ano académico vai precisar unha adaptación curricular nesta materia.

### 13) **ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Neste nivel de E.S.O. traballarase a educación en valores e desenvolverase a interdisciplinariedade mediante os temas tratados, permitindo que profesores/-as e alumnos/-as reflexionen sobre eles.

Estes contidos transversais abarcan os ámbitos seguintes:

➤ **Educación moral e cívica:**

- O estudo da diversidade de linguas e alfabetos, así como os contidos sobre a historia de Roma ou as accións dos principais personaxes históricos, desenvolverán nos alumnos/-as unha actitude de tolerancia e respecto por outras culturas e pobos.
- A análise crítica dos textos propostos fará reflexionar sobre os valores morais.
- O coñecemento da orixe das cidades e do mito fundacional de Roma axudará aos alumnos/-as a valorar a importancia da organización das cidades e a valorar o coñecemento da súa historia, así como a respectar e apreciar a aldea/cidade na que viven.
- O estudo do proceso de romanización de Hispania permitirá analizar de forma crítica o contacto entre pobos e a conquista duns polos outros e reflexionar sobre as achegas que Roma trouxo a Hispania, así como a influencia e contribución que Hispania realizou a Roma.
- O estudo das clases sociais e a conquista dos dereitos cidadáns permitirá formular a evolución da estrutura social desde Roma ata a sociedade occidental moderna, subliñando e analizando criticamente situacións actuais de discriminación.
- O coñecemento das formas de goberno en Roma e as súas institucións políticas axudará ao alumnado a valorar a importancia das institucións das democracias occidentais e dos dereitos políticos dos cidadáns.
- O tema da guerra propiciará entre o alumnado o compromiso e a implicación persoal nos problemas da sociedade actual e a relación entre os países.
- O tema da relixión propiciará entre o alumnado a reflexión sobre o papel que xogaron as relixións na conformación do pensamento e da moral das distintas sociedades.
- A análise da relixión romana, a comparación e relación coa relixión cristiá e outras relixións fomentará entre os/as alumnos/-as unha actitude de respecto polo diferente, de tolerancia e de compromiso como membros dunha sociedade.
- A familia como organización social fundamental da sociedade romana e da nosa permitirá que o alumnado poida comparar as súas respectivas funcións, organizacións e relacións internas, de xeito que se analice o importante papel que desempeña na sociedade e a transmisión dunha educación moral dos seus integrantes.
- A institución da educación en Roma desempeñaba un papel social e moral moi diferente do que desempeña na sociedade actual. Estudiar e sinalar esas diferenzas traerá consigo que os/as alumnos/-as valoren os avances que proporcionou á nosa sociedade a organización da educación.
- O coñecemento das diversas manifestacións do ocio en Roma permitirá fomentar unha actitude tolerante ante a súa diversidade, crítica con aquelas moralmente reprochables, ao tempo que permitirá valorar a diferenza e a herdanza da sociedade romana na actual.

➤ **Educación para a paz e os dereitos humanos:**

- Mediante o estudo da diversidade de linguas faladas en Europa e, en particular, a evolución do latín ás linguas romances o alumnado apreciará e valorará a diversidade lingüística e cultural de Europa e de España como mostra de convivencia entre os pobos e riqueza cultural.
- O coñecemento da existencia de diversos tipos de escritura e, en particular dos alfabetos grego e latino, así como dos helenismos e das expresións latinas, espertará un interese pola propia cultura e o legado de Roma.
- O estudo da historia e orixe de Roma e o seu posible traslado ao coñecemento da fundación de cidades actuais fomentará nos alumnos/-as o coñecemento doutras cidades e o respecto por culturas e historias diferentes.
- O estudo da historia e da sociedade de Roma permitirá formular unha serie de cuestións relacionadas coas causas que motivan as guerras civís, as loitas de poder, as revolucións, etc., e os desastrosos resultados a que adoitan conducir as mesmas e a análise do particular caso de Roma.
- O estudo das causas e consecuencias dos enfrontamentos bélicos da historia de Roma axudará a desenvolver nos alumnos/-as unha actitude crítica fronte ás guerras.
- O proceso de conquista de Hispania levou consigo situacións de sangentos enfrontamentos e accións heroicas (Sagunto, Numancia, etc.) o que permitirá reflexionar sobre a importancia que os pobos lle dan á loita pola propia liberdade.
- O tema da escravitude en Roma permitirá reflexionar sobre a importancia da loita polo respecto dos dereitos humanos na propia sociedade e noutras.
- A comparación entre a organización política de Roma e a das democracias modernas, así como con outras organizacións políticas doutros países permitirá que o alumnado poida valorar de forma crítica os aspectos positivos e negativos de cada unha delas e o respecto dos dereitos dos cidadáns nas mesmas.
- A análise crítica dos contidos do tema da guerra propiciará entre o alumnado o debate sobre as relacións internacionais, o rexeitamento da violencia nesas relacións e a defensa da liberdade, a xustiza e a igualdade nas mesmas.
- A comparación entre a función dos exércitos na Antigüidade e no mundo actual permitirá aos alumnos/-as valorar a función de organismos como a ONU e o seu traballo pola paz, a seguridade internacional e a defensa dos dereitos humanos.
- O coñecemento das características da relixión romana permitirá cotexar coas características doutras relixións e os extremismos que, en diversas épocas históricas, propiciaron as chamadas guerras de relixión.
- O estudo dos dereitos que tiñan os distintos membros da familia romana e a figura primordial do pater familias permitirá valorar os avances realizados na nosa sociedade.
- A universalización do dereito á educación na sociedade española actual e a análise das clases sociais que o gozaban na antiga Roma farán valorar o mesmo como un dereito fundamental e irrenunciable do home actual. Poderase facer unha reflexión sobre as causas de situacións actuais de desescolarización e promover unha actitude crítica fronte a certas situacións na sociedade actual.
- A análise de determinadas manifestacións do ocio, especialmente violentas, que se daban na sociedade romana axudará a que o alumnado realice análises das manifestacións de ocio modernas con espírito crítico, aprendendo a diferenciar as que son socialmente positivas das que non, así como a detectar aquelas que poidan atentar contra os dereitos das persoas.

➤ **Educación para a saúde:**

- Valoración da importancia dun tempo libre san e creativo. Toma de conciencia da importancia das comidas sanas e equilibradas.

➤ **Educación ambiental:**

- O estudo das pegadas da civilización romana que perduran no mundo actual permitirá promover no alumnado unha valoración e aprecio polas mesmas e un compromiso e unha implicación persoal no mantemento e conservación do noso patrimonio artístico, lingüístico e cultural.

➤ **Educación para a igualdade de oportunidades entre as persoas de distinto sexo:**

- A análise de figuras históricas femininas e o seu papel secundario nos principais acontecementos da historia de Roma fronte ao practicamente absoluto protagonismo dos homes permitirá reflexionar sobre a situación da muller na antiga Roma e como evolucionou ata a actualidade.

- A situación da muller en Roma en relación aos seus dereitos cívicos e políticos permitirá que o alumnado reflexione sobre os avances producidos na sociedade e a defensa de que deben existir os mesmos dereitos e oportunidades para homes e mulleres.

- O estudo da organización militar en Roma e a súa comparación coa organización actual dos exércitos, concretamente co de España, permitirá debater e reflexionar sobre o papel da muller no exército actual.

- O papel que na relixión e na mitoloxía romana desempeñaron as mulleres permitirá realizar análises críticas do tratamento que sobre a igualdade se dá noutras relixións.

- O papel que a muller e as nenas teñen na familia e na educación en Roma permitirá subliñar aspectos discriminatorios da sociedade romana e a súa permanencia en determinadas manifestacións da nosa sociedade. A análise crítica destas situacións fomentará nos alumnos/-as a asunción de actitudes favorables á igualdade e de rexeitamento cara outras que poidan ser cualificadas de machistas.

➤ **Educación do consumidor:**

- O estudo da sociedade romana permitirá debater sobre as necesidades de abastecemento das cidades, sobre o consumo de enerxía e a necesidade de transportes que se produce nas grandes cidades, sobre a necesidade ou non de alternativas á grande cidade, desenvolvendo así unha actitude crítica nos alumnos/-as ao respecto.

- Roma penetrou en Hispania, entre outras causas de carácter político, por razóns económicas. Isto permitirá debater sobre a importancia que na actualidade seguen mantendo para os países desenvolvidos os recursos naturais dos países en vías de desenvolvemento, moitas veces para satisfacer un consumo excesivo, o abuso nas relacións comerciais, as posibilidades para eses países en vías de desenvolvemento derivadas desas relacións, etc.

- O elevado custo que supoñía o exército romano levou ao seu mantemento á custa dos territorios conquistados (reparto de terras, botíns, etc.). A comparación deste feito coa partida orzamentaria que se dedica nas sociedades actuais á defensa, propiciará a reflexión sobre o tema. Por outra banda, permitirá analizar criticamente cuestións como a venda de armas a terceiros países que permiten excelentes ingresos para os países que as fabrican.

- O papel que no ocio da sociedade romana xogou en determinados momentos a política, que o utilizou como instrumento para adormecer a sociedade, facilitará unha análise crítica de determinadas manifestacións de ocio de masas actuais.

## 14) ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Ao tratarse dunha materia fundamentalmente lingüística, moitas actividades teñen relación coa lectura e, en consecuencia, coa comprensión lectora. Neste caso a dificultade atópase no feito de traballar cunha lingua que, a efectos prácticos de comunicación, non se utiliza na época actual.

En todas as sesións hai un tempo de adicación á lectura; alomenos un 50% da duración total da sesión o alumnado debe ler e comprender textos de maior ou menor complexidade.

Ademais, o alumnado recibirá a seguinte lista de lecturas recomendadas para que elixan unha que será traballada de xeito colectivo na aula. As demais poderán lelas de maneira voluntaria e entregar unha ficha-resumo da mesma que será valorada positivamente para a avaliación trimestral.

TÍTULO	AUTOR/-A
<i>Asterix en Hispania.</i>	René Goscinny e Albert Uderzo
<i>Metamorfosis.</i>	Ovidio (adaptación de Agustín Sánchez Aguilar)
<i>En busca de una patria. La historia de la Eneida.</i>	Virgilio (adaptación de Penelope Lively)
<i>Ars amandi.</i>	César Vidal
<i>Gladiador: la lucha por la libertad.</i>	Simon Scarrow
<i>Guárdate de los Idus.</i>	Lola Gándara
<i>Ladrones en el foro.</i>	Caroline Lawrence

## 15) ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Fomentarase o uso das TIC con actividades de diversa natureza:

➔ **Utilización dos ordenadores:**

- Elaboración de traballos.
- Realización de exercicios e probas de diversa índole.
- Preparación de presentacións en formato PowerPoint / Padlet / Prezi / Glogster.
- Creación de vídeos.

➔ **Acceso a Internet:**

- Búsqueda de información.
- Consulta de dicionarios e materiais de apoio.
- Visita a diversas páxinas web de interese para o desenvolvemento das distintas unidades didácticas.
- Acceso a páxinas web con exercicios e xogos adaptados ao nivel do alumnado.
- Participación en concursos en liña.

## **16) ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

- Fomentar actitudes pacifistas, de respecto e solidariedade dentro da comunidade educativa.
- Rexeitar condutas que dificulten a convivencia.
- Difundir a tolerancia e valoración de actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos pertencentes a culturas distintas á nosa.
- Vixilar a utilización dun vocabulario axeitado a un centro educativo.
- Contribuír na educación do alumnado como cidadáns.
- Colaborar no cumprimento do Regulamento de Réxime Interno do centro (N.O.F.).
- Fomentar os traballos en grupo nun ambiente de harmonía, colaboración e respecto entre os integrantes do mesmo.

## **17) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

O material de aula complétase coa utilización dos seguintes recursos dos que dispón tanto o Departamento de Francés en particular (ao que está adscrita a materia de Latín durante o presente ano académico) como o centro en xeral:

- Ordenador portátil do Departamento.
- Ordenador de sobremesa da aula de 4ºESO.
- Radio-CD do Departamento.
- Aula Abalar (1º e 2º de E.S.O.)
- Aula de Informática.
- Proxectores das distintas aulas.
- Material diverso: libros de lectura, fichas, libros de consulta, dicionarios latino-español/español-latino, xogos, pósters, películas, documentais...
- Material de consulta variado e ordenadores da Biblioteca do centro.
- Aula Virtual do centro.
- Recursos en rede: actividades interactivas, xogos, vídeos, ligazóns de interese como poden ser:

- Proxecto Palladium:

[http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/\\_comun/eshome.php](http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/_comun/eshome.php)

- Almacén de Clásicas:

<http://almacendeclasicas.blogspot.com.es/>

- Cultura Clásica:

<http://www.culturaclasica.com/>


Indícase a continuación o **material didáctico** utilizado en **4º de E.S.O.:**

Para o alumnado

- Libro de texto: **Latín** (J.L. Navarro González, J.M. Rodríguez Jiménez), da editorial **Anaya**.

Para o profesorado

- Libro de texto: **Latín** (J.L. Navarro González, J.M. Rodríguez Jiménez), da editorial **Anaya**.  
- Proposta didáctica: **Latín** (J.L. Navarro González, J.M. Rodríguez Jiménez), da editorial **Anaya**.





## 18) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Todo docente debe reflexionar sobre a súa actuación con respecto ao alumnado e á propia Programación Didáctica (materiais utilizados, planificación, motivación dos/das alumnos/-as, participación das familias, medidas de atención á diversidade, utilización das TIC, actividades de carácter interdisciplinar, etc.).

Existen moitos aspectos que o/a profesor/-a pode analizar tanto do proceso do ensino como da súa práctica docente; esta análise debe ser realizada de maneira reflexiva e con capacidade de autocrítica para que se converta nunha ferramenta de mellora continua, xa que, ao fin e ao cabo, esa é a súa finalidade principal.

Para sistematizar a devandita análise, establécense unha serie de ámbitos a avaliar e elabóranse indicadores de logro para cada un deles mediante o seguinte cuestionario que debe completar cada profesor/-a:

INDICADORES DE LOGRO		CASE NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
DIVERSIDADE					
1	Que fago para coñecer a composición da clase?:				
	- Realizar unha proba ao comezo do curso escolar				
	- Ler os informes anteriores				
	- Ver os resultados da última avaliación				
2	Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, formar grupos, etc.				
3	A miña programación ten en conta a diversidade				
4	Dou a cada alumno/-a a explicación que precisa				
5	Plantexo exercicios de distinto nivel en cada unidade				
6	Teño en conta aos alumnos/-as que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo) e tomo medidas ao respecto				

INDICADORES DE LOGRO		CASE NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA					
1	Consulta a Programación Didáctica ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións pertinentes				
2	Recollo de maneira específica na programación aquelas competencias que son básicas e fundamentais				
3	Dou a coñecer a programación ao alumnado: obxectivos, criterios de avaliación, metodoloxía, etc.				
4	A programación coincide co traballo levado a cabo na aula				
5	A temporización establecida na programación cúmprese según o previsto				
6	En caso de que veña un/unha substituto/-a, atopará na programación toda a información necesaria para desenvolver o seu traballo				

INDICADORES DE LOGRO		CASE NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
TRABALLO NA AULA					
1	Os/As alumnos/-as traballan da seguinte maneira nas miñas clases:				
	- Individualmente				
	- Por parellas				
	- En grupos reducidos				
2	- En grupos grandes				
	Os exercicios que propoño son do seguinte tipo:				
	- Pechados, dirixidos, actividades do libro, etc.				
	- Abertos, diversos, proxectos, etc.				
	- Fomentan o traballo cooperativo				

3	Na metodoloxía que aplico:				
	- Utilizo ferramentas TIC				
	- Propoño actividades para fomentar a aprendizaxe autónoma				
	- Baséome nas explicacións teóricas e no libro				
4	Como paso as horas lectivas (promedio)?:				
	- Consequindo silencio				
	- Impartindo teoría e explicacións				
	- Respondendo a preguntas, aclarando dúbidas				
	- Fomentando a participación, desenvolvendo prácticas				
	- Observando				
	- Corrixindo aos alumnos de maneira individual				
	- Corrixindo exercicios de maneira colectiva				
5	Explico de maneira clara e con exemplos os contidos traballados				
6	Resolvo as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo				

INDICADORES DE LOGRO					
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		CASE NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1	Fomento un bo ambiente na aula				
2	Promovo a participación do alumnado				
3	Proporciono ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe				
4	Manteño unha actitude positiva establecendo canles de comunicación para que o diálogo alumno(-a)/profesor(-a) sexa fluído dentro e fóra da aula				
5	Teño en conta os centros de interese do alumnado á hora de plantexar novos proxectos e actividades				
6	Doulle importancia ás opinións e críticas do alumnado con respecto á práctica docente				

INDICADORES DE LOGRO					
AVALIACIÓN		CASE NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1	Antes de comezar unha unidade ou un proxecto explico ao alumnado o que vou avaliar, con que frecuencia e en base a que avaliarei				
2	Utilizo diferentes tipos de probas:				
	- Probas escritas				
	- Probas orais				
	- Traballos individuais				
	- Traballos en equipo				
3	Unha vez rematada cada unidade ou cada proxecto didáctico avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe				
4	Informo con claridade ao alumnado sobre os resultados obtidos en cada proba				
5	Teño en conta a porcentaxe de aprobados en cada avaliación á hora de plantexar modificacións na práctica e metodoloxía docentes				

## 19) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

DATA	ACTIVIDADE
Ao longo de todo o ano académico:	- Visionado de documentais, vídeos e/ou fragmentos de películas.
2º trimestre:	- Posible participación no concurso de Cultura Clásica "Odisea" <a href="http://www.odiseaconcurso.org/">http://www.odiseaconcurso.org/</a>
3º trimestre:	- Posibilidade de organizar algunha exposición de temática latina en colaboración coa profesora e o alumnado de Cultura Clásica de 3º de ESO.

## 20) PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procedementos empregados para avaliar a propia Programación Didáctica son os seguintes:

- Avaliación dos resultados acadados polo alumnado en cada avaliación e análise comparativo coa avaliación anterior.
- Adaptación, se é o caso, a alumnado con necesidades educativas especiais.
- Valoración das actividades complementarias e extraescolares realizadas e xustificación daquelas que non se poidan levar a cabo.
- Valoración da metodoloxía proposta e medidas para optimizala.
- Valoración dos recursos utilizados e fomento do emprego das TIC.
- Valoración do libro de texto e adecuación ao nivel do alumnado.
- Valoración doutros materiais e recursos empregados: libros de lectura, vídeos, manuais...
- Valoración da temporalización e xustificación dos posibles desaxustes.
- Valoración por parte do alumnado das actividades levadas a cabo ao longo do curso a través dunha enquisa que se realizará a finais do terceiro trimestre.

Estas valoracións quedarán reflectidas na Memoria final de curso.

**En Forte (Boqueixón), 15 de setembro de 2021**

**Asdo: Eva González Rodríguez**  
(Xefa do Departamento de Francés)